

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP XULIO CAMBA
CURSO: ETAPA EDUCACIÓN INFANTIL
MATERIA: PSICOMOTRICIDADE
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Indicadores específicos.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Indicadores específicos

Bloques	Indicadores específicos observables na Educación Infantil
Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal	Ten unha boa coordinación de movementos
	Soluciona autonomamente as necesidades que xorden durante o xogo
	Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio
	Acepta as regras dos xogos
Linguaxes: comunicación e representación	Participa con interese en actividades expresivas corporais

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Revisión das cualificacións do 1º e 2º trimestre e valoración das actividades de repaso que se van enviando semanalmente.
	Instrumentos: Fichas que conteñen a descrición dos xogos e fotografías de apoio; así como vídeos explicativos de tarefas concretas.
Cualificación final	A avaliación en Ed. Infantil basease na observación directa da realización das actividades propostas. Teranse en conta os resultados obtidos nas avaliacións do 1º e 2º trimestre e as actividades de repaso/reforzo propostas ás familias. A avaliación é de carácter continuo e global, tendo en consideración, para unha ponderación positiva, a realización e entrega das tarefas de repaso propostas todas as semanas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (repaso, reforzo)	
Actividades	Preséntase ó alumnado actividades de repaso dos contidos traballados durante o 1º e 2º trimestre. A organización das tarefas será acorde co número de sesións semanais da materia, evitando a saturación, enviándoas semanalmente. As familias poden realizalas ó longo da semana cando a súas necesidades e situación persoal llo permitan.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As tarefas son subidas semanalmente á aula virtual do centro. Cada nivel ten o seu espazo, polo que as familias, en función do curso do seu/súa fillo/a, pode acceder e descargar os arquivos. Así mesmo, dadas as dificultades dalgunhas familias para dispoñer de dispositivos electrónicos para o traballo (conexión a internet, impresora, etc) o centro facilita as fichas impresas para garantir que chegan a todas as familias cada semana. O alumnado dispón de toda a semana para a realización das actividades e ó rematar, dado o carácter práctico da materia, debe remitir ó mestre fotografías ou un pequeno vídeo do alumno/a da súa execución. Para iso, teñen á súa disposición un correo electrónico propio da mestra de Psicomotricidade, así como tamén, o contacto que establezan as titoras. Para aclarar dúbidas ou solicitar calquera información, tamén dispoñen da mensaxería do servizo Abalar. A finalidade é que exista un feedback entre alumno-profesorado e poder facer un seguimento da evolución de todo o alumnado. Os contidos a traballar durante este trimestre, vistos xa con anterioridade, terán relación con: o corpo e os sentidos, a lateralidade, o esquema corporal, o equilibrio, a coordinación, os saltos, os xiros, os desprazamentos, a manipulación de obxectos e o traballo con material alternativo ou de refugallo.
Materiais e recursos	Fichas explicativas das actividades de repaso, enlaces de vídeo e apoio visual con fotografías dos xogos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Web do centro, aula virtual, abalarmóbil, correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.